

# programa de primavera 2016

Auditorio Mar de Vigo  
(Vestíbulo principal)

## Pequeños reinos grandes imperios

**OSV** ORQUESTRA  
430/ SINFÓNICA  
VIGO430



**Domingo,  
22 de abril,  
20:30 h**

*EIRAS*  
[ABELLAS D'OURO]

*BEETHOVEN*  
[CONCERTO PARA PIANO N°5  
"EMPERADOR"]

*BEETHOVEN*  
[SINFONÍA N°5]

Director: Vicente Alberola  
Solista: Severino Ortiz (Piano)

## Primeira parte

**JUAN EIRAS (VIGO, 1979)**

*Abellas D'ouro (2008, versión para orquesta revisada 2016)*

**LUDWIG VAN BEETHOVEN (BONN, 1770 -VIENA, 1827)**

*Concerto para piano nº 5 en mi bemol mayor, op. 73, "Emperador" (1809-1811)*

*Allegro*

*Adagio un poco mosso*

*Allegro ma non troppo*

## Segunda parte

**LUDWIG VAN BEETHOVEN (BONN, 1770 -VIENA, 1827)**

*Sinfonía n.º 5 en do menor, op. 67 (1804-1808)*

*Allegro con brio*

*Andante con moto*

*Scherzo. Allegro*

*Allegro*

## Pequenos reinos, grandes imperios

Por moito que fora alumno do filósofo Aristóteles, Alexandre Magno esporeaba aos seus exércitos con promesas pouco metafísicas, digamos: ouro, terras, escravos... Máis de dous mil anos despois, o alporizado Beethoven presenciaba como a historia se repetía con Napoleón. Os homes enfeitizados pola fruta da súa música militar seguían por desertos e xeadas estepas enarborando a bandeira tricolor da liberdade e fraternidade universal. De paso agachaban nela souvenirs diversos coma cabalos bizantinos, cálices españois, momias exipcias,...

No seu soño de crear un grande e feliz imperio eran como a Dorothy de O Mago de Oz: coñecerían países estraños e maravillosos pero o seu máis íntimo desexo era volver ao seu pequeno reino natal. A terra prometida onde abrolla o leite e o mel. Como di Erich Fromm: “O leite é símbolo do primeiro aspecto do amor, o que proporciona cuidados e afirmación individual. O mel representa a dozura da vida, o amor por ela e a felicidade de estarmos vivos” E quen son gardiáns de semellantes tesouros? Ben coñecidas na triste historia de Galicia, chamámoslles as Viúvas dos vivos e dos mortos. Elas soas son quen de traballar a terra, de atender a casa, vender, mercar e, sexan mozas ou velliñas, dar sen taxa o doura-do mel do amor materno. Ben sabía Napoleón que elas son a base dos reinos. Por que escolleu se non unha abella de ouro coma emblema do Imperio? Coma merecida correspondencia e agradecemento, dous autores galegos dedicáronlle a estas “Abellas” as súas obras, literaria e musical, das que nos fala o noso primeiro compositor de hoxe, Juan Eiras: “Abstract: Abellas d'ouro (2008, revisada 2016), é unha versión para orquestra de cordas da miña obra anterior titulada As abellas d'ouro (2004), que está baseada na peza literaria homónima do escritor galego Xosé Lesta Meis (1897-1930). Aínda que non ten unha produción literaria moi extensa, sí que é dunha gran calidade e valía artísticas. Os cadros realistas que describe en Abellas de Ouro (1930), son segundo Antón Villar Ponte, “... de temperamento romántico, cuxa sinxeleza limpa e pura de toda influencia literaria allea, dálles un verdadeiro sabor orixinal”.

A obra de Lesta consta de trece relatos curtos onde se describen diferentes arquetipos psicolóxicos do matriarcado galego de principios do século XX. Esta estrutura literaria ten a súa correspondencia coa forma musical empregada, xa que os temas musicais vanse conectando e acumulando ata recrear o imaxinario sonoro.

Aínda así, non existe unha relación directa entre as ideas musicais e cada unha das personaxes que no libro aparecen, o que lle confire á obra musical independencia narrati-

va con respecto da obra literaria. Escrita nunha linguaxe tradicional con trazos modais, é unha obra de xuventude que pertence á miña etapa de formación.

Xosé Lesta Meis foi un narrador e xornalista vencellado aos intelectuais da Xeración Nós e aos escritores relacionados coas Irmandades da Fala (1916), da que neste ano se cumpre o centenario da súa fundación. Sirva esta humilde obra musical como homenaxe a tan sobranceiro literato”.

En maio de 1809 Napoleón presentouse en Viena co terrible concerto dos seus canóns. Moitos príncipes e nobres fuxiran antes pero Beethoven achábase entre os arrepiados cidadáns que sufrían os bombardeos. Agachado nun soto, o seu principal temor era que o estrondo agravara a súa xordeira galopante. Pero non queda mudo, contestará á provocación utilizando o seu propio arsenal. O máis oportuno é escribir un concerto para piano que interpretará el mesmo con toda a enerxía e potencia que proporcionan os novos pianos vieneses. E como declaración de intencións, as palabras “Austria, fai pagar cara a ofensa” encabezan a partitura. Cando escoitamos na actualidade o arranque deste Quinto Concerto, podemos asentir coa cabeza que ben cadran co acorde atronador da orquestra e a resposta belicosa do solista. Pero ficamos abraiados vendo que na partitura non corresponden ao comezo da obra: preceden ao Adagio máis fermoso que escribira nunca para piano e orquestra. Un nocturno cheo de delicadeza e tenrura. É coma se para loitar mellor primeiro trouxera á memoria aquilo polo que paga a pena vivir.

A tonalidade de Mi bemol está escolleita para reforzar carácter grandioso e heroico, como na Sinfonía chamada así, pero tamén relaciona este Concerto coa Sonata para piano que leva o alcume de “Os adeuses”. Efectivamente as dúas obras reflicten a melancolía provocada pola ausencia dun dos seus mellores amigos, o Arquiduque Rodolfo. Membro da familia real, non se limitou a proporcionar unha pensión vitalicia a Beethoven senón que estudaba co compositor, e consciente do valor das súas grandes obras, logrou que lle dedicara máis dunha ducia delas. A ausencia do Arquiduque por mor desta guerra aparece musicada na Sonata con tres movementos titulados Os adeuses, a Ausencia, O regreso. No Concerto xa dixemos que o primeiro movemento non reflicte as angurias da separación senón o desafío e a afirmación fronte as dificultades. O segundo da sonata é depresivo e morriñento, mentres que no concerto é soñador. O movemento final é festivo nas dúas obras, cheo de ritmos de danza. Ao único intérprete da Sonata pode dirixir con menor recato os sentimentos máis íntimos. O Concerto fala para a multitude e amosa unha cara moito máis optimista e guerreira. Non obstante hai elementos musicais que as

dúas obras claramente comparten: no enlace entre os dous últimos movementos albíscanse suspendidos no tempo e na harmonía os indicios do retorno do amigo, expresados coa insinuación do tema final. Atopamos tamén nas dúas festas finais un mesmo convidado: un pequeno motivo que chouta con idéntica alegría no ritmo de seis por oito.

Como coda digamos que finalmente a xordeira temida fixo imposible que Beethoven estreara a peza, o que fixo o seu alumno Czerny. Elo condicionou tamén a súa estrutura: por vez primeira un concerto non conta cun lugar para a cadenza libre. Quen podería improvisar unha para un primeiro movemento tan monumental senón o autor? Tamén provocou que Beethoven xa non escribira máis concertos para piano. Pero na estrea en Londres aclamouse a obra coma o “Emperador” dos concertos, converténdose no modelo exemplar dos grandes concertos heroicos posteriores como o primeiro de Tchaikovsky.

É indiscutible que a Quinta Sinfonía de Beethoven é a Sinfonía das Sinfonías, como A Marsellesa é o himno dos himnos. Igual que non fai falla ser francés ou falalo para entusiasmarse co canto, a sinfonía arrebatada por igual a persoas de todas as idades, condicións e culturas. É coma unha terrible forza da natureza que, inda que saibamos coma funciona, cando se desata non deixa de impresionarnos no máis profundo.

Hai comentaristas que subliñan a relación temática entre todos os motivos da sinfonía a partires do famosísimo inicio. Inda que teñen parte de razón, o máis destacable é a perfecta integración de elementos diversos en un todo continuo e incesante. Coma pequeno exemplo sirva o solo do óboe na recapitulación do primeiro movemento. Inda que está escrito sen indicación de compás e harmonía, non funciona coma interrupción do curso do movemento, que segue latente e seguirá imparabile, senón para ouvirmos o lamento individual agochado na masa.

Despois dun segundo movemento onde as forzas parecen recobrase buscando refuxio nun ton maior -inda que non sexa Do senón un afastado La bemol- alternándose elementos de serenata con outros claramente militares, chegamos a un mundo totalmente novo na época. O scherzo é fantasmagórico, suxestivo e groseiro ás veces. Ao igual que no Quinto concerto de piano, encadease co final, pero aquí cunha obsesión repetitiva do timbal polo ritmo do inicio que crea un suspense case insoportable. Cando por fin estoupa a orquestra ao completo incorporando por primeira vez aos trombóns, contrafágote e piccolo é verdade que triunfa o ansiado Do maior, pero ben podíamos ter chegado ao

desastre, feito que nos fai recoñecer o autor cando reaparece malevolamente o tema do scherzo antes da última celebración.

A grandeza e impacto da obra provocou dende a súa estrea reaccións extravagantes do público como a dun veterano da Grande Armée que na súa estrea en París ao escoitar o arranque do Final púxose de inmediato en pé berrando “L’Empereur! L’Empereur!”. E tiña razón. Como xa dixemos a Quinta Sinfonía exerce o seu imperio absoluto sobre tódolos auditorios do mundo.

*Constantino Pérez Muras*

## Severino Ortiz Rey, piano

*“Severino Ortiz Rei é un pianista privilexiado técnicamente, cuxo sentido do xesto musical transmítese a todo o que interpreta. É capaz de realizar unha frase que é á vez lírica e declamatoria, doce e con todo, trágica. Escoitándoo, séntese parte dunha cultura onde a emoción é universal, sen esforzo fai brotar texturas máxicas das máis virtuosas pasaxes”*

*Robert S. Hatten (University of Texas)*

Realiza os seus estudos con So Young Moon e Vladimira Smausova obtendo a Primeira Mención de Honor de Piano no Conservatorio Superior de Música de Vigo.

Perfecciónase na Academia Superior de Música e Artes Escénicas de Praga (Rep. Checa) durante os anos 1998-2000 con Frantisek Malý e no Conservatorio de Música de Centro-Finlandia (2000-2001) con Oleg Matur.

Interpretou como solista o concerto nº3 de Beethoven coa Orquesta Vigo 430 (maio 2009), o concerto nº1 de Liszt (decembro 2011) coa Orquesta Clásica de Vigo e o concerto nº1 de Chopin coa Orquesta Filharmónica Cidade de Pontevedra (marzo 2012).

No verán de 2009 e co motivo do Bicentenario do Grito Libertario, realizou unha xira de concertos en Bolivia co tenor José Antonio Campo Edesa, co cal colabora regularmente dende o ano 2003.

En xaneiro de 2011, para celebrar o ano Liszt, o dúo Campo-Ortiz foi invitado polas embaixadas de España e Hungría para realizar un concerto en Ljubljana (Eslovenia).

Participou como artista invitado no I Festival “Des Cimes et des Notes” celebrado en Francia en xullo de 2015.

Foi profesor de piano no Conservatorio Profesional de Música de Lugo (2001-2004).

Impartiu clases, a través do programa Erasmus, nos conservatorios de Parma, Verona, Estambul e Bari.

Actualmente e dende o ano 2004 é profesor de piano e pianista acompañante no Conservatorio Superior de Música de Vigo.

## **Juan Eiras, compositor**

Juan Eiras é un dos novos talentos galegos con maior proxección. Incluído segundo o profesor Roberto Relova dentro da Xeración Sensible de novos compositores galegos, as súas obras foron interpretadas por algún dos músicos e formacións máis importantes de Galicia e España. A súa música tense escoitado en España, Portugal, Italia, Francia e Xapón.

No ano 2009 obtén o Premio Andrés Segovia – José Miguel Ruíz de Morales na LII edición do curso universitario Música en Compostela, e é Finalista no II Concurso de Composición para Bandas de Música Populares, coa obra Auga levada.

No ano 2012 a súa obra Samhain resulta gañadora na Convocatoria para Novos Compositores, sendo seleccionada polo comité de lectura do prestixioso grupo instrumental PluralEnsemble para formar parte na súa xira de concertos 2012-2013. Este mesmo ano obtén o 1º Premio (Sección Sinfónica) no V Concurso Gallego de Composición para Bandas de Música e Sección Sinfónica coa obra Insomnio, organizado pola Federación Galega de Bandas de Música Populares e o AGADIC.

No ano 2013 é seleccionado dentro do Programa de Incentivos á Creación impulsado pola Fundación SGAE, en colaboración coa AEOS (Asociación Española de Orquestras Sinfónicas), estreando en 2014 a obra Old Sailor's Room coa Real Filharmonía de Galicia.

No ano 2014 gaña o III Concurso Internacional de Composición para Música de Cámara Arturo Dúo Vital coa obra Beltane, Memory of the Fire. Convocado pola Fundación Botín, a obra estreouse no 64 Festival Internacional de Santander.

Como docente ten impartido cursos en Tecnoloxía musical e colaborado en publicacións e grupos de traballo en investigación pedagóxica. É profesor de Composición, Instrumentación, Análise aplicado e Tecnoloxías no Conservatorio Superior de Vigo.

Natural de Vigo (1977), estudiou Educación Musical, Piano e Composición, licenciándose



na súa cidade natal coas máximas cualificacións. Posteriormente especializouse en Composición con José María Sánchez Verdú. Ao mesmo tempo ampliou a súa formación cos compositores Antón García Abril, Albert Sardá, Christophe Havel, Arnau Bataller, Nacho de Paz, Héctor Parra, Philippe Hurel, Fabián Panisello, Agustín Charles, Alberto Posadas, Ivan Fedele, Beat Furrer, Salvatore Sciarrino, Luis de Pablo, Sofía Gubaidulina e Helmut Lachenmann

## Vicent Alberola, dirección

É o director titular da Orquestra Sinfónica Gurska de Madrid, director convidado da Ópera de Perm (Rusia) e dende este 2016 novo director titular da Orquestra Sinfónica Vigo 430.

Paralelamente é primeiro clarinete da Mahler Chamber Orchestra e de Les Dissonances de Paris. Realizou os seus estudos con Walter Boeykens no Conservatorio Real de Amberes e ao mesmo tempo con George Pieterse (Royal Concertgebouw Orchestra) e Larry Combs (Chicago Symphony Orchestra).

Foi durante máis de 20 anos primeiro clarinete na Ópera de Madrid e a Sinfónica de Galicia. Durante a última década foi o primeiro clarinete convidado coa Royal Concertgebouw Orchestra, New York Philharmonic Orchestra, Lucerne Festival Orchestra, Mahler Chamber Orchestra, Orchestre Les Dissonances e a MMCK Tokyo Orchestra, agrupacións coas que tivo a oportunidade de interpretar o gran repertorio sinfónico baixo a batuta de mestres como Claudio Abbado, Mariss Jansons, Riccardo Muti, Daniele Gatti, Daniel Harding, Andris Nelsons, Gustavo Dudamel, Alan Gilbert e Nicola Luisotti entre outros.

A súa vocación como director descubriíaa coa Xove Orquestra da Sinfónica de Galicia no 2006, agrupación da que fora 8 anos director artístico. No 2003 foi nomeado director da Xove Orquestra da Ópera de Madrid e no 2007 director da Xove Orquestra de Soria.

Ao mesmo tempo ten dirixido varios programas sinfónicos coa Sinfónica de Madrid no Auditorio Nacional de Madrid, coa Orquestra Excelentia Santa Cecilia, coa orquestra da Ópera de Perm, a Xove Orquestra Nacional de España, a Sinfónica de Valladolid, a MMCK de Tokyo e a agrupación Musica Aeterna de Perm.

A orquestra sinfónica é a alma do proxecto Vigo 430, a agrupación principal e razón de ser da 430. Dependendo do proxecto a interpretar, a orquestra está conformada por entre 35 e 60 músicos. Son varios os directores convidados para os diferentes programas da orquestra, entre eles cabe destacar a excepcional dirección realizada durante máis de 10 anos por Alejandro Garrido, así como a de outros afamados directores como o vangardista Gordan Nikolic, o revolucionario Diego García, o inconfundible Alfonso Sebastián, Gonzalo Berná, ou Francisco Moya. Ademais dos ciclos de Primavera e Outono que ven organizando dende o 2012 a orquestra participa en proxectos como os Premios David Russell, Premios Agic, colabora asiduamente en festivais como o Noia Harp Fest, en temporadas líricas como as organizadas por Amigos da Ópera de Vigo e recentemente nos proxectos O Canto das Illas ou Labirinto Azul, ambos exercicios de creación contemporánea.

**Violíns I:** Mario Peris, Loida Díaz, Ángela Neto, Elena Gómez, Pedro González, César Santiago Sánchez, Sara Gil e Marina Hermida

**Violíns II:** Estela Rodríguez, Manuel Alfonso Álvarez, Edita Shulman, Eduardo Rey, Xana Álvarez, Erea Carbajales, Macarena López e Sofía Muñiz

**Violas:** Ana López, Frco. Javier Escobar, Sara Franco, Sandra Pérez, Ana Martínez e Aurora Jiménez

**Violoncellos:** Carme Tubío, Alejandro Costas, Margarita Mariño, Sara Fontán, Blanca Budiño e Paloma Otero.

**Contrabaixos:** Ana Belén López, Miguel Sánchez, Manuel Trinidad e Felipe de Frutos

**Frautas:** Julia Estévez e Estefanía Fernández

**Frautín:** Ana Domínguez

**Oboes:** Roberto Baltar Gardón e Jennifer Fernández

**Clarinetes:** Andrea Álvarez e Marta Sancho

**Fagotes:** José Vicente Guerra e Gonzalo Lemos

**Contrafagot:** Tania Otero

**Trompas:** Óscar Davila e Iván Abalde

**Trompetas:** Adrián Viñas e Adolfo Caride

**Trombóns:** José Pons, Jesús Vicente e Luciano Martins

**Percusión:** David Rodríguez

AVANCE PROGRAMACIÓN:

**Domingo,  
22 de maio,  
12:00 h**

CERIMONIAS DA REVOLUCIÓN

*Sinfónica Vigo 430*

DURÁN, HUMMEL, SCHUMANN

María José Rielo, fagot

Vicent Alberola, dirección

*Audicións comentadas pola Escola Municipal de  
Música no programa EcoitANTES 5 venres 13 de  
maio ás 20 h. previa inscrición.*

# OV ORQUESTRA 430/ VIGO 430



OrquestaVigo430



@vigo430



info@vigo430.com



www.vigo430.com

Organiza:



Entidades Colaboradoras



Colaborador principal:

**CONCELLO  
DE VIGO**



*Vivimos nunha cidade fermosa*